



Xuntanza de traballo da AI4PolypNet, onte.

Estudan previr o cancro colorrectal usando a IA

REDACCIÓN. OURENSE
local@laregion.net

■■■ A Escola Superior de Enxeñaría Informática do Campus de Ourense acolleu onte a primeira xuntanza de traballo da rede estatal AI4PolypNet, creada para mellorar os sistemas de detección e diagnose de cancro colorrectal mediante o emprego de intelixencia artificial.

Deste xeito, a cidade inaugurou os encontros de traballo desta unión de oito grupos de investigación procedentes de diversas comunidades autónomas: Cataluña, Extremadura, Galicia e o País Vasco. A idea é sumar esforzos: "Optimizar experiencia, recursos técnicos, humanos e de datos e avanzar cara o desenvolvemento de propostas integradoras capaces de responder aos retos desta enfermidade", tal e como

A CIDADE ACOLLEU A PRIMEIRA XUNTANZA DUNHA REDE ESTATAL QUE BUSCA MELLORAR A ANTICIPACIÓN FRONTE A ESTA ENFERMIDADE

trasladan fontes universitarias. Na rede participa, por exemplo, o Grupo de Oncoloxía Dixestiva de Ourense, pertencente ao Sergas.

Dende a rede explican que este cancro é "un dos de maior incidencia mundial". Cada ano diagnósticanse case dous millóns de casos, cunha mortalidade de 916.000 pacientes en 2020. Máis do 90% dos casos teñen cura "se a súa lesión precursora, o pólipo precancerixeno, se detecta e extrae a tempo", segundo engaden os investigadores. ■